

II CONCURSO DE EPITAFIOS

<<Aquí xace a rutina, soterrada pola creatividade do alumnado.>>

Guía rápida para profesorado e alumnado

1. Que é un epitafio?

Un epitafio é un texto breve que honra e lembra unha persoa defunta. A palabra provén do grego: ἐπί ('encima') e τάφος ('tumba'). Moitos epitafios foron escritos con algún refinamento literario, polo que constitúen un subxénero literario lírico dentro da elegía ou poema de lamento.

- Tradicionalmente, colócase nunha tumba.
- Aadoita estar escrito en verso ou en frases curtas.
- Pode ser solemne, irónico, humorístico ou satírico.
- O obxectivo é que sexa memorable, nos faga pensar ou nos saque un sorriso.

2. Exemplos célebres

<<Perdoade o po.>> (Dorothy Parker)

<<Non o intentedes.>> (Charles Bukowski)

<<Desculpen se non me levanto a saudar.>> (Groucho Marx)

<<Se buscades os máximos eloxios, morrede.>> (Enrique Jardiel Poncela)

<<Libre por fin. Libre por fin. Grazas, Deus todopoderoso, son libre por fin.>> (Martin Luther King)

En galego, Celso Emilio Ferreiro fixo unha memorable colección no libro *Cemiterio privado* (1973).

O moicante:

<<Soía dicir este mangante:
cando fuxas, queridiño,
fai por ir sempre dediante.>>

O experto:

<<A experiencia serviulle
para saber que era parvo.>>

O teimoso:

<<Explicarlle as cousas a este
home
era tan inútil
como botar auga nun cesto.
Era tan teimoso
que aínda non se decatou de
que está
morto.>>

3. Como escribir un bo epitafio?

- Breve.
- Claro e conciso (unha idea central).
- Impactante (que emocione, que ou faga rir, ou que invite á reflexión).
- Orixinal (pode referirse a persoas, obxectos, sentimentos...).

Algúns trucos que che poden resultar de utilidade. Ou non, quizais se che ocorran outros mellores...

- Podes empregar a primeira persoa: <<Aquí xazo...>>
- Un artificio que usan moitos epitafios exitosos é que se dirixen a quen o le.
- Usa a ironía ou inventa xogos de palabras.
- Imaxina o epitafio dun concepto abstracto coma un sentimento, ou dun obxecto cotiá, un animal etc.

4. Algúns exemplos

- Sé creativ@:

<<Aquí xace a soberbia
que sempre miraba
por riba do ombreiro.>>

<<Por fin descansa a envexa:
porque morreron os veciños
e non podía ser menos ca eles.>>

<<Aquí repousa a vasoira,
cansa e calva
de tanto limpar.>>

<<Aquí acabou o meu ordenador,
tras tanto reinicialo,
tras tantas batallas que librou
co wifi que o desconectou.>>

- Estes exemplos son reais:

<<¡Mercedes!
Aquí os espero.>>

<<Aquí yace Juan García,
que con un fósforo un día,
fue a ver si gas había...
y había.>>

<<Perdone que no asista a su entierro.>>

<<Buen esposo,
buen padre,
mal electricista casero.>>

5. Bases do concurso

- O epitafio debe ser orixinal, non se admiten copias.
- O epitafio debe estar escrito sobre unha lápida, tumba ou sepultura feita por ti.
- O idioma empregado debe ser, preferentemente, o galego.
- Extensión máxima: 4 versos.
- Como moi tarde, entrégao na Biblioteca o mércores 29 á hora do recreo. Quedará exposto ata despois do Samaín.
- Valoraranse:
 - Orixinalidade e creatividade, tanto do epitafio como da tumba.
 - Claridade e expresividade.
 - Uso correcto da lingua.
 - Capacidade de emocionar ou facer reflexionar.
- Concederanse tres premios que levarán, respectivamente, cheques-regalo para a cafetería de 30, 20 e 10 €.
- O xurado pode declarar deserto calquera dos premios.